



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Betanzos

Data: 22/02/22 09:00:00

Exposición: 22/02/22 09:00:00 a ...

Anuncio

Urbanismo

ORDE DE EXECUCIÓN POLO MAL ESTADO DO INMOBLE SITUADO NA RÚA SAN FRANCISCO Nº 18

Informacion:

En relación co expediente reseñado ao final do presente anuncio, tentouse practicar, sen efecto a notificación aos interesados, no último domicilio coñecido, conforme ao establecido no artigo 42 da Ley 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Ante este resultado infrutuoso e en cumprimento do establecido no artigo 44 da referida Ley 39/2015, de 1 de Outubro, procedese a publicar o presente anuncio, significando que, dado que este acto non se publica na súa integridade, de conformidade co previsto nos artigos 45 e 46 da mesma ley, o texto íntegro da resolución que se notifica atópase a disposición, xunto ao resto da documentación do expediente, dos interesados ou dos seus representantes, que deberán de comparecer no prazo máximo de 15 días naturais, contados dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial do Estado, en horario de nove a catorce horas, de luns a venres, con excepción dos días inhábiles, no Departamento de Urbanismo do Concello de Betanzos, R/ Plaza de Galicia, número 1. A efectos do cómputo de prazos do procedemento administrativo para a presentación de posibles alegación ou recursos, segundo proceda, a data de notificación é a do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Taboleiro Edictal Único do BOE. Cando transcorrido dito prazo non se houbera comparecido, a notificación entenderase producida a tódolos efectos legais dende o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

EXPEDIENTE: 2021/I004/000004. NOTIFICADO: NOVA BRIGANTIA , S.L. ASUNTO: NOTIFICACIÓN ORDEN DE EJECUCIÓN EN C/ SAN FRANCISCO Nº 18, SEGÚN DECRETO 132/2022 de 4/02/2022